

# CICLO TEBANO

---

- 🌀 O ciclo tebano é un dos núcleos temáticos máis prolíficos da traxedia grega.
- 🌀 Chámase así porque os feitos e os seus protagonistas están relacionados coa cidade de Tebas.
- 🌀 Os personaxes máis representativos deste ciclo son os seguintes:

## EUROPA

- 🌀 Filla de Axenor e Telefasa, irmán de Cadmo.
- 🌀 Zeus namorouse dela e raptouna tomando a forma dun touro branco para non ser descuberto por Hera.
- 🌀 Desta unión nacen tres fillos: Minos, Radamante e Sarpedón.

## CADMO

- 🌀 Axenor enviouno na procura da súa irmá Europa tras ser raptada por Zeus.
- 🌀 Pregunta ó oráculo de Delfos ónde pode atoparse a súa irmá e a pitonisa aconséllalle que desista da busca.
- 🌀 O oráculo indícalle que ten que seguir a unha vaca e fundar unha cidade onde ela se deixe caer fatigada.
- 🌀 Segue ó animal a través de Beocia e, cumprindo o indicado polo oráculo, funda Tebas onde a vaca se detén.

## LAIO

- 🌀 Rei de Tebas e pai de Edipo.
- 🌀 A súa inquedanza por non ter herdeiros fai que consulte o oráculo de Delfos.
- 🌀 O oráculo indícalle que o fillo que teña matará a seu pai e casará coa súa nai.
- 🌀 O oráculo cumprírase cando o seu fillo, sen saber que se trata de seu pai, lle da morte nun cruce de camiños.

## IOCASTA

- 🌀 Nai de Edipo.
- 🌀 Asustada pola predicción do oráculo, abandona ó neno no monte Citerón.
- 🌀 Trala morte de Laio, casa con Edipo, sen saber que é a súa nai, e da súa unión nacen tres fillos: Antígona, Ismene, Eteocles e Polinices.

## EDIPO

- Abandonado no monte Citerón e cos pés perforados, é recollido por uns pastores que lle dan o nome de Edipo, que significa “ pé inchado”.
- Os pastores entrégano a Pólipo, rei de Corinto, que non tivera fillos.
- Edipo ante a sospeita de que non é fillo de Pólipo consulta ó oráculo e recibe a mesma resposta que xa recibira Laio: “matarás a teu pai e casarás coa túa nai”.
- Convencido de que os reis de Corinto son os seus verdadeiros pais, abandónaos e, atopándose con Laio nun camiño, dálle morte tras unha discusión.
- Resolve o enigma que lle propón a Esfinxe e converténdose no rei de Tebas casa con Iocasta.
- Despois de moitos anos, unha peste abate Tebas e o oráculo aconsella expulsar ó asasino de Laio.
- As investigacións revelan a verdade e Edipo, tras perforarse os ollos, abandona Tebas.

## ANTÍGONA

- Servíulle de guía ó seu pai cando foi desterrado de Tebas.
- Trala súa morte, volve a Tebas; alí atópase coa loita dos seus irmáns polo poder de Tebas.
- Coa morte de Eteocles e Polinices, Creonte, irmán de Iocasta, toma o poder de Tebas e considera que Polinices non merece ser enterrado por loitar contra Tebas.
- Antígona decide dar ela mesma sepultura ó seu irmán e este feito fai que Creonte a condene a ser enterrada viva.